

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
SERVIZO DE XESTIÓN E INTERVENCIÓN AMBIENTAL

Dona María Peón Torres, con DNI [REDACTED] e domicilio a efectos de notificación en [REDACTED], como membro da Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra e en representación de dita asociación quere denunciar os seguintes feitos:

Trala paralización dos recheos comezados no lugar de A Barosa, concello de Barro, o pasado mes de xuño por parte de Augas de Galicia, e só despois dunha denuncia feita pública do proxecto que, promovido polo propio concello, pretendía construír un aparcadoiro e unha cafetería neste parque natural; na Asociación Pola Defensa da Ría vimos constatando, e así o testemuña o documento gráfico anexo a este escrito, que na parte recheada con anterioridade á paralización das obras están a depositarse de maneira continuada residuos e demais escombros convertindo ese lugar nun vertedoiro.

Xa que logo, desde a APDR solicitamos que se proceda á retirada inmediata dos recheos e residuos depositados nas proximidades do río e á restauración ambiental do entorno. Habería que ter en conta o feito de que a paralización das obras unha vez comezados os recheos non foi suficiente, sendo necesario devolver o entorno ao seu estado natural; a realización dos recheos ilegais por parte do concello de Barro, provocou un severo dano ambiental que desde entón non ten deixado de agravarse seguindo a producirse na actualidade unha forte degradación que está a converter o que foi un espazo de grande valor natural e paisaxístico nunha escombreira na que se depositan todo tipo de desperdicios. A retirada dos recheos e escombros é polo tanto un importante primeiro paso para a necesaria recuperación da zona.

En Pontevedra, a 19 de xaneiro de 2007

